



XUNTA DE GALICIA

LUNS 6**MARTES 7****Consello
da Cultura
Galega****Biblioteca**

10 h Seminario "Como utilizar o *e-mail marketing* para optimizar a *estratexia de comunicación*", a cargo de Pepe Zapata

**Fundación
SGAE****Sala 1**

12 h *Gretel e Bela*
TEATRO DA SEMENTE. Infantil, 50 min.

Sala 1

11 h *Coma e punto*
ANTAGONISTA TEATRO. 55 min.

Sala 2

13.15 h *O poder de Amabel*
PÉREZ&FERNÁNDEZ. Infantil, 45 min.

14.30 h Encontro asistentes a
Galicia Escena PRO

**Salón
Teatro****Biblioteca**

16.30 h Presentación de
MERCARTES

12.30 h *Showcases* (2 horas 30 min.)
Unhas gafas como as do avó. A TRASTENDA DOS CONTOS
Pavillón Lino. CARAMUXO TEATRO
Volta á maxia. DANI GARCÍA
Invencción. ODAIKO KREA
Os sonhos na gaiola. TÍTERES ALAKRÁN

14.45 h Encontro asistentes a Galicia Escena PRO

**Auditorio
Abanca**

17.30 h *Moby Dick*
TEATRO GORAKADA. 60 min.

17.30 h *Os reloxo preguiceiros de Néboa*
APORÍA ESCÉNICA. Infantil, 60 min.

**Teatro
Principal**

19 h *Os amores de Jacques o fatalista*
PT EXCÉNTRICAS. 90 min.

19 h *Solitudes*
KULUNKA TEATRO. 85 min.

**Salón
Teatro**

22 h *Showcases* (2 horas 30 min.)
Múltiple. ANTÓN COUCHEIRO
Voaxa e Carmín. BUTACAZERO
A vida das tormentas. COLECTIVO T.O.X.O
Falar sen cancelas. CULTURACTIVA
Give it a spin. PISANDO OVOS

22 h *Raclette*
IBUPROFENO TEATRO. 75 min.

00.00 h *Concerto de Xabier Díaz Trío*
na Casa das Crechas

Sala 111 h *Manawee*

MATRIOSKA TEATRO. Infantil, 50 min.

Adro SGAE12.15 h *Up2Down*

TRASPEDIANTE. 55 min.

13.30 h Encontro asistentes a
Galecia Escena PRO**Biblioteca**16.30 h Encontro de xestores
culturais a cargo da Asociación
Galega de Profesionais da
Xestión Cultural17.30 h *Contiguo*

COMPANÍA IO. 65 min.

19 h *Oskara*

KUKAI DANTZA. 60 min.

22 h *Foucellas*

TALÍA TEATRO. 85 min.

Sala 111 h *O conto da Azuzaina*LIMIAR TEATRO–ESTEOESTE–CRÉMILO.
Infantil, 50 min. **ESTREA****Sala 2**

12.15 h Presentación de Escena Galega

12.30 h Presentación de proxectos
escénicos en formato *pitching*14.30 h Encontro asistentes a
Galecia Escena PRO17.30 h *Nosa Señora das Nubes*

TEATRO DO MORCEGO. 70 min.

19.30 h *A forma das cousas*

LA YOGURTERA. 90 min.

22.30 h *Eroski Paraíso*

CHÉVERE. 90 min





ESPECTÁCULOS





GRETEL E BELA

TEATRO DA SEMENTE

LUNS 6 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 12.00 H

Gretel (personaxe extraída de *Hansel e Gretel*) e Bela (*A Bela Adormecida*) atópanse nun bosque e comezan, xuntas, unha viaxe iniciática cara ao crecemento persoal sen necesidade de príncipes nin palacios. Tras explorar e experimentar no tránsito do bosque á cidade —da nenez á madurez—, as dúas amigas pasarán por un transo que cambiará as súas vidas, poñendo en alza o valor da valentía e da amizade até chegar á autonomía, á liberdade e ao amor por elas mesmas. Un bruxo e un cego serán compañeiros de camiño, o ben e o mal mesurados coma estes dous personaxes de conto.

Texto: Manuel Lourenzo

Dirección: Teatro da Semente

Actrices: Raquel Queizás e Chus Álvarez

TEATRO DA SEMENTE

Teatro da Semente nace na Coruña en 2012, froito da inxerencia de dúas actrices e contacontos, Chus Álvarez e Raquel Queizás. Tras moitos anos traballando no ámbito infantil, tanto por separado como xuntas en varias montaxes doutras compañías, en 2012 deciden unirse a prol do xogo, a fantasía e o amor polos nenos e nenas e o teatro. Co seu primeiro espectáculo, *Viaxe a Dadá*, un proxecto de teatro para bebés de 0 a 3 anos, percorreron parte da xeografía galega (A Coruña, Pontevedra, Gondomar, Ferrol, Santiago de Compostela) e con *Chíos*, a súa segunda montaxe, tamén para bebés, percorreron

Vestuario: Marcia Edleditsch

Música: David Díez

Deseño de luces: Daniel Piñeiro

Creación de máscaras e monicreques: Marcelino de Santiago “Kukas”

Espazo escénico: Teatro da Semente

Grabación: Estudios Bonham

PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

**TEATRO ACTORAL, MONICREQUES
E MANIPULACIÓN DE OBXECTOS**

50 MINUTOS

Galicia e Madrid e foron seleccionadas en festivais tan destacados como a Fera de Teatro de Castilla y León (Salamanca), en 2014, e a Fira de Titelles de Lleida (Cataluña), o Festival Sementes (Almada–Portugal) e o Festival FOME (Faro, Portugal) en 2015.

CONTRATACIÓN

Emi Candal– Urdime

619 920 335 / 981 937 424

comunicacion@urdime.net

www.urdime.net



FOTO: NELSON CORSINO

PÉREZ&FERNÁNDEZ

Victoria Pérez e Manu Fernández, actores con ampla experiencia no ámbito escénico e audiovisual, estrean en 2016 a compañía Pérez&Fernández.

Lewis Hyde, no seu libro *The Gift: Creativity and the Artist in the Modern World*, suxire que os humanos sempre entran en acción e toman decisións partindo de dous puntos posibles: o instinto de supervivencia e o impulso de regalar. Esta compañía nace do impulso instintivo de supervivencia, da necesidade de crear, de agasallar unha viaxe aos demais máis aló da súa experiencia cotiá.

CONTRATACIÓN

Victoria Pérez / Manu Fernández
657 363 735/ 636 566 890
cia.perezyfernandez@gmail.com
www.perezyfernandez.com

O PODER DE AMABEL

PÉREZ&FERNÁNDEZ

LUNS 6 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 13.15 H

O poder de Amabel é un peza de teatro de monicreques e actores para público familiar inspirada na novela infantil de Érica Esmorís editada por Sushi books.

Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha intelixencia abraiante e incluso a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel aínda non sabe cal é a súa actividade extraordinaria. Para descubri-la embarcarase co seu amigo Braulio en aventuras moi peculiares.

Na adaptación teatral Amabel e Braulio, que non se ven dende a escola, reencóntranse casualmente 30 anos máis tarde en Tokio. Alí lembrarán o especial ano que viviron xuntos no 82, un dos seus primeiros recordos de nenos, eses aos que debemos voltar para sentirnos na nosa verdadeira patria: a infancia.

Autoría: Érica Esmorís

Dirección: Xosé Leis e Victoria Pérez

Adaptación: Victoria Pérez

Escenografía: Jacobo Bugarín

Iluminación: Xosé Leis

Son: Manu Fernández

Vestuario: Pérez&Fernández e Xosé Leis

Música: Xabier Romero e Mathew Ward

Elenco: Victoria Pérez e Manu Fernández

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 5 ANOS

TEATRO

45 MINUTOS



TEATRO GORAKADA

A orixe de Teatro Gorakada remóntase a 1987.

A súa primeira montaxe, *Tartalo eta Artzaina*, foi un espectáculo de marionetas no que fixeron protagonista a un personaxe da mitoloxía vasca, pero disto xa pasaron 28 anos; máis dun cuarto de século que lles deu para construír 26 espectáculos cos que realizaron máis de 2.000 representacións, nas que participaron preto de 1.000.000 de espectadores nas distintas programacións, campañas e festivais, tanto nacionais coma internacionais.

Na actualidade é unha das compañías referentes no teatro para nenos e nenas, recoñecida polos numerosos galardóns obtidos en feiras e festivais. Recibiu premios en FETEN 2003, 2005, 2011, 2013 e 2015, e este ano foi finalista nos Premios MAX 2016 co espectáculo *Moby Dick*.

CONTRATACIÓN

Julio— eme2
981 534 134 / 609 457 575
distribucion@emedous.com
gorakada.com

ESPECTÁCULOS

MOBY DICK

TEATRO GORAKADA

LUNS 6 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Moby Dick é un espectáculo pensado para todos os públicos a partir de 6 anos, no que non pretendemos máis que albiscar a inmensidade desa obra mestra da literatura universal. Resultaría absurdo e mesmo ridículamente pretencioso tratar de trasladar a totalidade desta novela ao escenario, mais nada nos impide propoñer un xogo no que a imaxinación sexa o noso aliado para recrear, ante os ollos dos nosos xoves espectadores, mares, cachalotes, personaxes e aventuras presentes na obra, e materializar todo isto na mente do espectador grazas á utilización dos elementos escénicos, o ritmo, o humor, a música, o traballo dos actores e, sobre todo, as palabras de Melville.

Ismael embarca no Pequod, barco baleeiro ao mando do capitán Akab. Durante a súa viaxe goza dos praceres da vida no mar, fai amigos e aprende a recoñecer os distintos tipos de baleas. Mais o obsesivo desexo de vinganza do capitán Akab contra Moby Dick, a balea branca, conducirá ao Pequod e á tripulación á desgraza.

Autoría: creación colectiva a partir dunha adaptación de Julio Salvatierra

Dirección: José Carlos García

Escenografía: Javi Tirado

Iluminación: Javi Ulla

Vestuario: Ikerne Jiménez

Música: Fran Lasuen

Elenco: Aritza Rodríguez, José Cruz Gurrutxaga, Eriz Alberdi, Fran Lasuen e Unai Laso

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 6 ANOS

TEATRO

60 MINUTOS



FOTO: NATASHA LELENCO

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

Produccións Teatrais Excéntricas orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa, e nos delicados mecanismos do humor. Serve de plataforma para as creacións de Mofa&Befa como *Cociña Económica* ou *Shakespeare para ignorantes*. Tamén explora outras formas do humor máis sarcástico como en *Obra*, *Un cranio furado* e *Da Vinci tiña razón!*

Excéntricas foi convidada a distintos festivais como Almada, Monterrey, Ribadavia, Bogotá ou Almagro, festival que coproduciu *Bobas & Galegas*.

En 2017 adentrárase na farsa de *A Cabeza do Dragón*, de Valle-Inclán.

CONTRATACIÓN

Rubén G. Pedrero
618 752 105
ruben.excentricas@gmail.com
www.excentricas.net

OS AMORES DE JACQUES O FATALISTA

PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

LUNS 6 | TEATRO PRINCIPAL | 19.00 H

Jacques e o seu amo camiñan cara ao lugar máis próximo, como fai todo o mundo. Para entreter o camiño, Jacques o fatalista e o seu amo cóntanse historias, falan da vida e acaban por falar do amor, como fai case todo o mundo. Aproveitando que non hai mulleres, permítense dicir cousas delas que non se atreverían a dicir se houbese mulleres diante.

Este paraíso masculino estrégase cando aparece a Pousadeira. Ela é tan falangueira como Jacques e conta contos, fala das cousas da vida e emite asombrosas opinións sobre as mulleres e os homes sen importarlle que a escoiten os homes.

Os artistas son catro, María Costas, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Piti Sanz, que se multiplican no cambio de personaxes, de puntos de vista, de posición no campo no frívolo xadrez imaxinado pola mente libertaria de Diderot.

Autoría: Denis Diderot

Dramaturxia e dirección: Quico Cadaval

Escenografía: Marcelino de Santiago “Kukas”

Iluminación: Octavio Mas

Son: Piti Sanz

Vestuario: Vaello

Música: Piti Sanz

Produción: Rubén G. Pedrero

Elenco: Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, María Costas e Piti Sanz

ADULTO, A PARTIR DE 14 ANOS

TEATRO

90 MINUTOS



ANTAGONISTA TEATRO

Antagonista Teatro é unha compañía creada en 2015 por Jose Vaquero e Javier Octavio de Toledo, que xorde do seu desexo de levar a súa experiencia e inxedanzas teatrais ao terreo profesional. A posibilidade de construír un teatro persoal e libre de constricións é o motor que impulsa os primeiros pasos dunha compañía que desexa perdurar no ámbito teatral galego. Un traballo actoral construído a partir de nós mesmos e as nosas vivencias, así como unha linguaxe escénica, contemporánea e moi persoal, son os eixos dunha proposta que sintetiza todas as nosas ilusións. Defendemos a necesidade dun teatro que entreteña mentres incita aos espectadores a mirar

ao seu arredor e reflexionar sobre o seu mundo. E para iso cremos que a mellor ferramenta é crear dende nós mesmos e as nosas vidas.

CONTRATACIÓN

Jose Vaquero
646 366 826
antagonistateatro@gmail.com
www.antagonistateatro.es



ESPECTÁCULOS

COMA E PUNTO

ANTAGONISTA TEATRO

MARTES 7 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 11.00 H

Un home que camiña sobre unha corda frouxa cunha maleta na man; un home que xoga mentres reflexiona sobre cantas formas hai de morrer. Que é mellor? Unha pistola? Unha navalla? Medicamentos?

El e ela atopábanse todos os días na rúa e namoraron debaixo dunha cerdeira en flor. A vida, porén, tiña outros plans para eles. Que facer cando desaparece a túa razón para vivir? Como atopar unha nova? Todos os días semellan iguais no alma-naque. Un home cun nariz de pallaso e un cadaleito no ombreiro; un home que repasa as súas lembranzas sen saber se haberá algún día outras novas.

Coma e punto fala do amor e da perda, das ilusións e dos anhelos, nun diálogo constante co público que mostra sen pudor os resortes do teatro.

Autoría: Vincent Auzillon

Dirección e espazo sonoro: Fernando González

Tradución e adaptación: Jose Vaquero

Escenografía, iluminación e vestuario: Diego Valeiras

Deseño gráfico, vídeo e foto: Aitor Uve

Produción executiva: Javier Octavio de Toledo

Producción: Antagonista Teatro

Elenco: Jose Vaquero e Laura Míguez

ADULTO

TEATRO

55 MINUTOS



APORÍA ESCÉNICA

Aporía Escénica é unha compañía emerxente que procura desenvolver a súa propia linguaxe artística por medio da hibridación de tipoloxías escénicas que favorezan a potencia plástica dos corpos e os obxectos, empregando o xogo e o humor, sen esquecer a palabra e a poesía.

Dende o seu nacemento, en 2014, Aporía Escénica participou co seu primeiro espectáculo *30 e tantos ósos* no FITO, Festival Internacional de Teatro de Ourense; foi seleccionada entre numerosas compañías para participar no VI

CÉNIT, organizado polo Centro de Investigación Atalaya-TNT de Sevilla; recibiu o premio María Casares ao mellor texto orixinal e estreou en febreiro do 2016 *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, no Auditorio Municipal de Vigo, dentro da RGTa.

CONTRATACIÓN

Diana Mera
661 722 106
aporiaescenica@gmail.com
facebook.com/aporiateatro

OS RELOXOS PREGUICEIROS DE NÉBOA

APORÍA ESCÉNICA

MARTES 7 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Na cidade de Néboa vívese un acontecemento extraordinario: todos os reloxos deixan de contar o tempo!

Os pesadelos e a anguria apodéranse dos cidadáns e das cidadás provocando un ambiente de confusión e descontrol. A alcaldesa, Sabela Deprésa, desesperada ante a incapacidade do Superreloxeiro Don Cuco Campá para solucionar a problemática, decide chamar a detective Lupita Grande para que investigue o maior caso da historia contemporánea da cidade!

Unha comedia delirante, con música en directo e unha estética inspirada nas vangardas, para gozar en familia.

Un verdadeiro xeroglífico para resolver entre todos e todas e sacar á luz a gran detective que levamos dentro.

Unha peza que cuestiona a engrenaxe temporal na que vivimos e propón outro tempo máis vital: o da imaxinación e o espazo comunitario.

Autoría: Xavier Lama

Dirección: Diana Mera

Asistencia de dirección: Teté García

Adaptación: Diana Mera e Teté García

Escenografía, vestuario e realización monicreque:

Diego Valeiras

Atrezzo e iluminación: Allmad Estudio

Son: Teté García e Diana Mera

Elenco: Merche Pérez, Teté García, Paula Pier, María Roja e Diana Mera

Asistencia de movemento: Merche Pérez

Deseño gráfico: María Roja

INFANTIL, A PARTIR DE 6 ANOS

TEATRO

60 MINUTOS



KULUNKA TEATRO

Kulunka Teatro créase en 2010, en Euskadi, por Garbiñe Insausti e José Dault, xoves pero experimentados artistas de extensa traxectoria teatral. Nace coa inquietude dos seus integrantes por experimentar con diferentes linguaxes escénicas, pero sen esquecer a idea de facer un teatro accesible para o público. Un teatro vital, actual, comprometido e conectado coa realidade. O seu intento é crear espectáculos sen fronteiras, e a súa vontade, descubrir unha linguaxe que transcenda a palabra. Unha linguaxe capaz de emocionar e divertir. Para iso apóianse fundamentalmente nun teatro de xesto, no que a máscara actúa como ponte cara a unha poética visual admirable.

Elas abren as portas do imaxinario cara a un mundo no que todo é posible.

Andre y Dorine e *Taxidermia de un gorrión* son outros dos seus espectáculos.

CONTRATACIÓN

Isis Abellán –Proversus
91 506 43 44 / 606 608 168
isisabellan@proversus.com

www.proversus.com
www.kulunkateatro.com

A photograph of a woman with curly hair, wearing a floral-patterned dress, standing on a stage. She is looking down and slightly to her left. The background is dark, and there is a framed picture on the wall to the left.

SOLITUDES

KULUNKA TEATRO

MARTES 7 | TEATRO PRINCIPAL | 19.00 H

Solitudes é unha obra de teatro de máscaras que, a través do humor, afonda na soidade e a incomunicación dos membros dunha familia.

O protagonista de *Solitudes* tan só anxeia cousas sinxelas. Cousas tan simples que os demais non chegan a valorar a súa verdadeira importancia.

O extraordinario desta historia é que o ancián –contra o que podería esperarse dalguén cunha vida xa case sen alicientes– non se resigna, non renuncia aos seus pequenos desexos e pelexa por eles con determinación e dignidade. Isto, claro, terá as súas consecuencias para el mesmo e para os que o arrodean.

Unha viaxe por universos cotiáns que, combinando a gravidade co sorriso, conmove, sorprende e invita á reflexión.

Coprodución Kulunka Teatro co Departamento de Cultura do Goberno Vasco, Teatro Victoria Eugenia e Scene Nacional de Bayonne.

Dirección: Iñaki Rikarte

Dramaturxia: Garbiñe Insausti, José Dault, Iñaki Rikarte, Rolando San Martín e Edu Cárcamo

Música orixinal: Luis Miguel Cobos

Deseño de escenografía e vestuario: Ikerne Giménez

Deseño de iluminación: Carlos Samaniego “Sama”

Máscaras: Garbiñe Insausti

Produción: Kulunka Teatro

Distribución: Proversus

Axudante de dirección: Rolando San Martín

Elenco: Garbiñe Insausti, José Dault e Edu Cárcamo

ADULTO

TEATRO DE MÁSCARAS

DURACIÓN: 85 MINUTOS



IBUPROFENO TEATRO

Ibuprofeno teatro está formada por Santiago Cortegoso e Marián Bañobre. Leva producidos catro espectáculos en cinco anos: *A filla de Woody Allen* (2010), *Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios* (2012), *FITNESS* (2013) e *O Furancho* (2015).

Raclette inaugura unha nova xeira da compañía, na que asume producións dun formato superior, con elencos máis numerosos, continuando a liña da creación propia, na procura dunha linguaxe persoal e recoñecible para falar dos temas claves que lle afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a

súa identidade individual nun contexto social complexo que non conseguen controlar, o que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

CONTRATACIÓN

Santiago Cortegoso

696 730 037

ibuprofenoteatro@hotmail.es

www.ibuprofenoteatro.blogspot.com



RACLETTE

IBUPROFENO TEATRO

MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

A *raclette* é un xeito de comer en comunidade inventado polos pastores suízos que, para esco-rrerentaren o frío e a soidade da montaña, se reunían arredor dunha pedra quentada ao lume para ir cociñando nela —a medida que comían— queixo, carne e verduras. Esta *raclette* urbana e contemporánea une, durante unha cea, cinco personaxes que conforman un complexo mosaico humano. O seu encontro provoca un choque entre visións do mundo que se volven incompatibles pero que han de convivir a pesar das diferenzas. Son cinco universos que reflicten as contradicións dunha sociedade enferma que devora os seus integrantes.

Raclette gañou o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2014 e o Premio Fervenzas literarias ao Mellor libro de teatro 2015.

Texto e dirección: Santiago Cortegoso
Espazo escénico e imaxe: Diego Seixo

Iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Maquillaxe e peiteado: Trini F. Silva

Son: Quito

Vídeo: José V. Estonllo

Cobertura técnica: Ningures Producións, S.L.

Axudante de dirección: Rubén Pérez

Produción e distribución: Ibuprofeno Teatro

Elenco: Toni Salgado, Deborah Vukusic, Marián Bañobre, Iria Sobrado e Salvador del Río

ADULTO, MAIORES DE 15 ANOS

TEATRO

75 MINUTOS



MANAWEE

MATRIOSHKATEATRO

MÉRCORES 8 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 11.00 H

Manawee é un espectáculo de creación contemporánea sobre as emocións dese primeiro momento de cambio do que somos conscientes na vida e polo que, inevitablemente, todo o mundo pasa. Cativos e adultos emocionáanse e divírtense, ao tempo que se decatan de que as experiencias que crían únicas son, en realidade, compartidas.

As artes de *Manawee* vante transportar a bordo dunha peza de teatro chea de humor e poesía, onde as preocupacións esenciais do final da infancia se debuxan con cores moi diferentes ás vistas ata o momento. Descubriránseche os misterios do teatro cos seus agochos, coa tremoia e as tripas do escenario á vista, de xeito que o espazo se vaia desvelando coma o teu propio interior, coma o interior de cada unha de nós.

Autoría: Lorena Conde

Dirección: Uxía P. Vaello

Escenografía: Lorena Conde (Maraña)

Iluminación: Javier Quintana

Son: Javier Quintana

Vestuario: Uxía P. Vaello

Música: Mónica de Nut, Javi Bermejo e Vadim

Yukhnevich

Elenco: Lorena Conde, Anabell Gago e Chelo do Rejo

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 8 ANOS

TEATRO

50 MINUTOS

MATRIOSHKATEATRO

Matrioshka naceu como unha alianza creativa coa que Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo puidesen trazar as liñas fundamentais do teatro que elas mesmas desexaban ver como espectadoras. A idea comeza a tomar corpo cando lle propoñen a Marta Pazos a dirección do primeiro espectáculo de Matrioshka, *C'est la vie*, estreada en 2013. En 2015 lánzanse á segunda montaxe da compañía, *Manawee*, baixo a dirección de Uxía P. Vaello. Ambos os espectáculos foron recoñecidos con cadanseu premio María Casares.

Mais a grandísima baza das matrioshkas, aquela da que están máis orgullosas, é o logro de sumar a estas aventuras, arriscadas e necesarias, o entusiasmo doutras artistas talentosas e inquédas coas que dar á escena pezas que atrapen, sorprendan e emocionen ao público. E nesas andan...

CONTRATACIÓN

Anabell Gago e Chelo do Rejo
654 598 430 (Anabell) / 605 166 119 (Chelo)
matrioshkateatro@gmail.com

matrioshkateatro.wix.com/matrioshka




TRASPEDIANTE

Traspediante, dirixida por Marta Alonso e Begoña Cuquejo, é unha compañía xeradora de proxectos culturais relacionados coa danza que ten como obxectivo traballar en diferentes ámbitos: creación e produción de diferentes pezas de danza, dirección, creación e xestión de “Corpo A Terra”, creación e docencia de proxectos pedagóxicos relacionados coa danza, colaboración con outros colectivos e realización de traballos ou encargos para organismos culturais ou outro tipo de entidades.

CONTRATACIÓN

Pistacatro Produtora de Sonos – Belém Brandido
627 778 351 / 981 937 819
distribucion@pistacatro.com
www.traspediante.com



ESPECTÁCULOS

UP2DOWN

TRASPEDIANTE

MÉRCORES 8 | FUNDACIÓN SGAE | ADRO SGAE | 12.15 H

Dúas bailarinas e dous cables de funambulismo, dirixidas por un pallaso.

Up2Down é un espectáculo de danza–circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo, unha técnica que lles permite crear un universo singular.

As bailarinas Marta Alonso & Paula Quintas interpretan a dous personaxes definidos polo seu estatus antagónico: o alto e o baixo; a funambulista [etérea e ideal] e a pallasa [terreal e mundana]. Xunto a elas, o espectador realizará unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata acadar un punto de encontro: o equilibrio.

Espectáculo formulado para representarse tanto en teatros e salas como tamén en diferentes espazos ao aire libre. A compañía afronta este proxecto nestas dúas vertentes.

Autoría: Cía. Traspediente

Dirección: creación colectiva dirixida por Arturo Cobas e asistencia de dirección de Natalia Outeiro e Kirenía C. Martínez

Escenografía: Cía. Traspediente

Iluminación: Javier Quintana

Vestuario: Fany Bello

Música: María Mendoza

Elenco: Marta Alonso e Paula Quintas

Apoio na produción de Pistacatro Productora de Soños

PÚBLICO FAMILIAR

DANZA–CIRCO

55 MINUTOS



COMPañÍA IO

A compañía IO nace a finais de 2013 coa unión dos artistas Álvaro Reboredo (A Coruña) e Álvaro Pérez (Sevilla). *Contiguo* é o resultado da fusión da súa experiencia escénica e as súas habilidades circenses. Unha combinación de corda lisa e roda cyr, co apoio doutras disciplinas como a acrobacia e a danza.

Álvaro Reboredo estudou na Escola de Circo Carampa e na Escola de Circo Criollo (Bos Aires), ampliando a súa formación en clown. Traballou con compañías en España, Arxentina e Canadá. Álvaro Pérez estudou tamén en Carampa e na Escola de Circo Flyc, en Turín, especializándose en

roda cyr e acrobacias. Entre os seus traballos destacan *Models from Torino*, con Petr Forman, a súa participación como artista residente en Al Ghurair Centre (Dubai) e o premio do xurado no Festival de Vevey.

CONTRATACIÓN

Pistacatro Productora de Sonos – Belém Brandido
627 778 351 / 981 937 819
distribucion@pistacatro.com

io-circo.wix.com/contiguo

ESPECTÁCULOS

CONTIGUO

COMPAÑÍA IO

MÉRCORES 8 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Contiguo nace de poñer un ser humano xunto a outro. É o lugar onde un acaba e o outro empeza. *Contiguo* é a poesía do corpo e os propios límites. O risco de darse a coñecer e sobrepasar o medo a pederte en alguén. Reinventarse unha e outra vez a través dos demais. O destino únenos; a historia escribímola nós.

Un espectáculo sensitivo, poético e dinámico. Unha investigación da linguaxe espacial e corporal que crea un universo único para expresarse, resultado da búsqueda do Circo como linguaxe en si mesma. Os artistas non só utilizan a técnica para expresar, senón tamén un eu íntimo que aflora a través dela.

É un espectáculo que se pode adaptar a diferentes espazos.

Autoría: Compañía IO

Dirección: Natalia Outeiro

Coreografía: Paula Quintas

Escenografía: Teresa Gutiérrez de la Concha e Compañía IO

Iluminación: Alfonso Castro

Deseño espazo sonoro: María Move

Vestuario: Teresa Gutiérrez de la Concha

Música: María Move e Manuel Fonte

Elenco: Álvaro Pérez Fidalgo e Álvaro Reboredo Ortega

TODOS OS PÚBLICOS

CIRCO

65 MINUTOS



KUKAI DANTZA

Kukai Dantza nace en 2001 a iniciativa do bailarín e coreógrafo Jon Maya. Desenvolve o seu traballo a partir da danza tradicional vasca, propoñendo encontros con outros estilos de danza e formas de entender a arte. Kukai crea espectáculos contemporáneos a partir da danza tradicional vasca, realizando creacións propias e colaboracións con prestixiosos coreógrafos, o que lle leva proporcionado unha etiqueta inconfundible, sendo cada vez máis frecuentes as súas aparicións en festivais e programacións.

Entre os seus traballos, son moi recoñecidos os espectáculos creados xunto a Tantaka Teatroa e as colaboracións

realizadas con diversos coreógrafos: Cesc Gelabert, Israel Galvan, Jone San Martín (The Forsythe Ballet), La Intrusa Danza...

Entre os premios, destacan o MAX ao espectáculo revelación en 2009 e os dous MAX 2015 recibidos por *Gelajauziak*: mellor composición musical (Sabin Bikendi) e mellor elenco.

CONTRATACIÓN

Doltza Oararteta
655 739 674
banaketa@kukai.eus
www.kukai.eus

ESPECTÁCULOS



OSKARA

KUKAI DANTZA

MÉRCORES 8 | TEATRO PRINCIPAL | 19.00 H

Oskara supón o encontro entre Kukai Dantza e Marcos Morau / La Veronal.

É a unión de dous universos coreográficos e dúas olladas cara á danza que navegan entre a raíz máis popular e a expresión máis vangardista, ofrecendo un novo universo escénico.

Oskara é un traballo instalativo que percorre algunhas pasaxes da cultura vasca, mitos, dende a súa orixe ata a época contemporánea e debuxa un percorrido plástico e emocional de símbolos e iconografía de forza ambigua e desconcertante que, da maneira máis absoluta, contén a historia da experiencia humana.

O código dramático apunta cara a un espectáculo artellado por unha linguaxe de abstracción acentuada, case violenta, onde só a orde nas composicións pode achegar certa lóxica sensorial.

Director: Jon Maya Sein

Idea e dirección de escena: Marcos Morau

Asistente de coreografía: Lorena Nogal e Marina Rodríguez

Dramaturxia: Pablo Gisbert

Bailaríns: Alain Maya, Eneko Gil, Ibon Huarte, Martxel Rodríguez e Urko Mitxelena

Cantante en directo: Erramun Martikorena

Diseño de vestuario: Iraia Oiartzabal

Creación musical: Xabier Erkizia e Pablo Gisbert

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 12 ANOS

DANZA

60 MINUTOS



TALÍA TEATRO

Talía Teatro aglutina un equipo de profesionais da escena que baixo a dirección de Artur Trillo acumulan anos de traballo en común e entre os que existe unha sintonía na forma de entender o feito teatral.

Un dos puntos fortes da compañía é o nivel de implicación do seu equipo. Un equipo dinámico, activo e con ganas de seguir medrando e enfrontarse con paixón a novos retos e experiencias.

Aborda proxectos que van máis alá do puro entretemento, textos sólidos que falan da condición humana e provocan reflexión ao redor de diferentes temáticas, sen por isto esquecer o que leva ao espectador ao teatro: unha experiencia estética en vivo única e irrepetible.

Ademais Talía pon o seu equipo e experiencia artística ao servizo de eventos e programacións culturais: mostras teatrais, escolas de teatro, programacións...

É unha compañía flexible, con capacidade de adaptación e solucións áxiles que goza de recoñecemento entre o público.

CONTRATACIÓN

Artur Trillo
630 877 153
info@taliateatro.gal

www.taliateatro.gal
<https://www.facebook.com/taliateatro/>
<https://twitter.com/taliateatro>



FOUCELLAS

TALÍA TEATRO

MÉRCORES 8 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

Ano 1952. Un maquis, un guerrilleiro, un resistente. Un dos últimos homes do monte. Dos que a xente podía chamar, xenericamente, un “foucellas”. Mesmo podería ser o Foucellas. Ou non. Ou si. Quen sabe!

Firmeza, teimosía, dúbida, certeza, lealdade, inercia, utopía, inxenuidade, rebeldía, resignación, adaptabilidade, determinación... as armas dunha crúa batalla dialéctica nun tempo terminal.

Ficción, mito e realidade nunha proposta para pensar un momento histórico... o pulso metafórico sobre un transo co que, privada ou colectivamente, ás veces nos enfrontamos: a xestión da esperanza, a administración da derrota.

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Escenografía: Dani Trillo

Iluminación: Afonso Castro

Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro

Música: Manuel Riveiro

Deseño gráfico: Dani Trillo

Fotografía e vídeo: Rubén Prieto

Elenco: Toño Casais, Dani Trillo, María Ordóñez e Artur Trillo

ADULTO (NRM 13 ANOS)

TEATRO

85 MINUTOS



LIMIAR TEATRO – ESTEOESTE – CRÉMILO

Limiar, 2009, leva case 300 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil. *Os catro da Xunqueira*, coprod. do CDG e MAO de Portugal co apoio europeo “Creativa”; *Verbum Fahrenheit*, coprod. co Verbum de Vigo; *Don Quixote, unha comedia gastronómica* e *Pangeia*, coprod. entre Galicia, Portugal e Brasil, son os seus traballos en teatro; tamén proxectos singulares como *Mateo 16.18* en Medina de Rioseco ou *Teresa* en Medina del Campo.

esteOeste, 2008, creada por Jose Carlos Illanes e Herminio Campillo, formados na escola de teatro xestual de Lecoq de Mar Navarro e Andrés Hernández. Os seus espectáculos *Especialistas del amor*, *Tecnopoetas do século XXII*, *Banqueiros sen pudor* traballan a comedia a través da música, o circo, a manipulación de obxectos e

o clown. Participaron tamén no programa de TV *Sopa de Gansos Instant* para Cuatro e FDF.

Crémilo, 2014, produtora e distribuidora, traballa con IIMAquinario, Chévere, Paula Quintana...

CONTRATACIÓN

Carlos Mtnez. Carbonell
678 460 559
cmcarbonell@cremilo.es

www.limiarteatro.com
www.cremilo.es

O CONTO DA AZUZAINA

LIMIAR TEATRO – ESTEOESTE – CRÉMILO

XOVES 9 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 1 | 11.00 H

O conto da Azuzaina é un espectáculo do que emerxe a certeza de que non existen as fórmulas para a normalidade, nin pautas fixas para marcar o compás da harmonía familiar. Un espectáculo no que Jose Carlos, Herminio e Fran experimentan a diversidade, sorprenden á tristeza con números de circo e crean melodías de superación.

O conto da Azuzaina é un espectáculo familiar que integra música en directo, malabares e manipulación de obxectos para tratar a temática da diversidade familiar dende una perspectiva lúdica e festiva partindo da seguinte pregunta: Que é una familia normal? A túa.

Na imprenta da Azuzaina chega un encargo urxente: o libro das familias. Os operarios terán que dar o mellor de si mesmos e usar as máis alouçadas e divertidas estratexias para completar o traballo a tempo.

Un marabilloso xoguete escénico sobre as familias para gozar en familia.

En escena: Herminio Campillo, Jose Carlos Illanes e Fran Núñez

Dramaturxía: Ana Carreira e Fran Núñez

Dirección: Fran Núñez

Dirección musical: Jose Carlos Illanes

Iluminación: Fran Núñez

Escenografía: Limiar – esteOeste

Vestuario: Limiar – esteOeste

Asesoría sicolopedagóxica: Santiago Hernández Abad

Asesoría científica: Mateo Peña

Dirección de produción: Fran Núñez e Carlos M. Carbonell

Produción: Limiar teatro, esteOeste, Crémiло

ENTRE 7 E 11 ANOS (1º E 2º CICLO DE PRIMARIA)

TEATRO

50 MINUTOS



TEATRO DO MORCEGO

Compañía fundada en 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida dende entón, recibindo premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman*; María Casares por *Lazariño de Tormes*, e sendo finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes como: *O burgués fidalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A Gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte accidental dun anarquista*, de Darío Fo, etc. Na compañía traballaron e traballan importantes actores galegos: Maxo Barjas, Luísa Merelas, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera "Mos", Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel

Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E. R. Cunha "Tatán", Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, Miguel Pernas, Elina Luaces, Iolanda Muíño, etc.

No ano 2009 convértese en compañía residente do Concello de Narón pola súa longa traxectoria profesional e cunha produción estable.

CONTRATACIÓN

Celso Parada
696 416 401
celsoparada@mac.com
teatromorcego@gmail.com

NOSA SEÑORA DAS NUBES

TEATRO DO MORCEGO

XOVES 9 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

Nosa Señora das Nubes, escrita por Arístides Vargas, céntrase no encontro de dous personaxes expatriados nun espazo e tempo indeterminados. Por medio de lembranzas confusas e memorias fragmentadas, os personaxes buscan recuperar as historias vividas na súa patria, a afastada Nosa Señora das Nubes. Un texto poético e cheo de humor que nos fai reflexionar sobre as ditaduras, as guerras, o exilio e o desarraigamento tan presentes no noso tempo.

Obra conmovedora, a peza gañadora de varios premios internacionais cóntanos a historia destes dous exiliados que se atopan e descubren a dor e a soidade polo afastamento da súa propia terra. Óscar e Bruna, dous personaxes que constantemente van alternando entre as memorias do pasado e o presente, comparten anécdotas da súa experiencia como exiliados; os seus sonhos, necesidades, frustracións, desexos, amores, esquecementos e lembranzas.

Unha obra que vai máis aló do exilio, que significa non só a perda dun país, senón do exilio da relixión, dos afectos, dos animais e ata de nós mesmos.

Nosa Señora das Nubes é un pobo que só existe na memoria dos expatriados, trazando un mapa da

experiencia da diáspora como unha condición existencial de desarraigamento, neste caso inspirada pola historia do exilio latinoamericano.

No pobo da Nosa Señora das Nubes está presente o realismo máxico, o real e a poesía en acción...

Autoría: Arístides Vargas

Dirección: Celso Parada

Tradución: Celso Parada

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: Pablo Costas e Celso Parada

Son: Pablo Costas

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Pablo Costas

Elenco: Josi Lage, Celso Parada, Mundo Villalustre e Pablo Costas

ADULTO

TEATRO

75 MINUTOS



FOTO: NELSON CORSIÑO

LA YOGURTERA

Empresa produtora e distribuidora de espectáculos creada en 2010 por Marta Horjales, produtora de espectáculos, enxeñeira industrial e xestora cultural. La Yogurtera S.L. dedícase ao management, contratación de artistas, produción e distribución de espectáculos profesionais, así como á produción de eventos culturais. Presta servizos de xestión a compañías e grupos musicais e traballa con concellos de Galicia e entidades do eido cultural. Colabora con distintas empresas de servizos técnicos, así como con creadores e profesionais da produción, tanto técnica como artística, cos que traballa por proxecto.

En 2016 estrea a súa primeira produción teatral *A forma das cousas* (*The Shape of things*, de Neil LaBute).

CONTRATACIÓN

Marta Horjales
606 044 298
contratacion@layogurtera.es
layogurtera.wix.com/aformadascousas



A FORMA DAS COUSAS

LA YOGURTERA

XOVES 9 | TEATRO PRINCIPAL | 19.30 H

A forma das cousas (*The Shape of Things*) é unha brillantísima comedia negra asinada polo dramaturgo Neil LaBute, considerado como o herdeiro natural de David Mamet.

Trátase dunha historia provocadora, contundente, intelixente e cun ritmo trepidante que pescuda sobre os límites do amor e da arte contemporánea.

Evelyn, unha iconoclasta e excéntrica estudante de belas artes, aparece na vida monótona de Adán, un mozo inseguro e sen sorte no amor. El, que xamais se preocupara pola súa imaxe, estará disposto a cambiar calquera trazo da súa personalidade con tal de gustarlle a ela.

Pouco a pouco irase transformando, converténdose nun tipo máis desexable e atractivo. O cambio físico e emocional de Adán terá inesperadas consecuencias para todos. Até onde estamos dispostos a chegar en nome do amor?

Autoría: Neil LaBute

Dirección e dramaturxia: Carlos Álvarez-Ossorio

Escenografía: Suso Montero

Iluminación: Octavio Mas

Vestuario: Esther Souto

Música orixinal: Pablo Seoane

Elenco: Sara Casanovas, Borja Fernández, Victoria Pérez, Machi Salgado e Pablo Seoane (música en directo)

Deseño gráfico e vídeo: Manuel Silva

Fotografía: Corsino

Comunicación: Alberto Ramos

Produción executiva: Marta Horjales

Cobertura técnica: RTA

Produción: La Yogurtera S.L.

MAIORES DE 16 ANOS

TEATRO

90 MINUTOS



CHÉVERE

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 29 anos de traballo ao lombo, que en 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro. Neste tempo soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. En 1992 creou a Nave de Servizos Artísticos–Sala Nasa, un espazo cultural independente único e irrepetible, ocupándose da dirección artística ata o seu peche en 2011. Dende 2005 diversificou o seu teatro de operacións, participando en proxectos audiovisuais, executando innovadores proxectos de creación en internet e convertendo o teatro nunha útil ferramenta de divulgación científica, defensa do pequeno comercio e prevención da violencia machista. Dende 2012 Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña). En 2015 puxo en marcha a Berberecheira, un espazo para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva.

CONTRATACIÓN

Carlos Carbonell
678 460 559
cmcarbonell@cremilo.es
redenasa.tv/gl/artista/ver/chevere

EROSKI PARAÍSO

CHÉVERE**XOVES 9 | SALÓN TEATRO | 22.30 H**

Eroski Paraíso é o resultado dun proceso de procura de varios meses que logo se concretou no local de ensaio. Nesta ocasión fíxose un traballo de documentación previo sobre a sala de festas O Paraíso, que funcionou en Muros entre 1972 e 1990 e acabou convertida nun supermercado Eroski. Alí coñecéronse Eva Martínez e Antonio Formoso en 1989, como tantas outras parellas da zona. Esta é a súa historia, un relato que retrata o desarraigamento vital dunha xeración que experimentou o paso dunha sociedade tradicional a unha sociedade de consumo. *Eroski Paraíso* é portanto unha historia sobre os cambios nas formas de vida e nos usos de moitas das nosas vilas e cidades. De como os espazos de lecer se transformaron en espazos de consumo. De como as salas de festa acabaron convertidas en centros comerciais. De como pasamos de bailar e mocear a mercar e consumir nese mesmo espazo. De como permanecemos como simples observadores mentres a vida nos pasaba por diante a toda présa.

Autoría: Chévere**Dirección:** Xron**Escrita:** Manuel Cortés**Axudante de dirección:** Arantza Villar**Escenografía:** Chévere**Iluminación:** Fidel Vázquez**Son:** Fidel Vázquez**Vestuario:** Chévere**Música:** Terbutalina**Elenco:** Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez e Luís Martínez**TODOS OS PÚBLICOS****TEATRO****90 MINUTOS**



ACTIVIDADES PRO

SHOW CASES

PROXECTOS
EN FORMATO PITCHING

SEMINARIOS E
PRESENTACIONES

GALICIA ESCENA PRO 2016

SHOWCASES

MÚLTIPLE

ANTÓN COUCHEIRO

LUNS 6 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

Múltiple é o novo espectáculo de Antón Coucheiro, un solo de impro onde o protagonista se desdobra e dialoga cos seus *alter ego*. Somos só unha persoa, ou a nosa personalidade está habitada por múltiples personaxes?

A través dunha terapia de sonhos, e das propostas do público, iranse desafiando as historias improvisadas nas que os espectadores descubrirán que nun só corpo caben millóns de universos.

Un espectáculo cómico, participativo, improvisado, estreado en Bogotá en xuño de 2015 no marco do festival TIMBO, e que participou no FIOT (Carballo), Chaskij Fest (Perú) e se realizou en Unitaria (Compostela), Teatro Asura (Madrid) e La Casa de la Maldita Vanidad (Bogotá).

Idea orixinal, interpretación e dirección: Antón Coucheiro

Son: Alfonso Medina

Asesoramento e training: Beto Urrea e Omar Galván

Elenco: Antón Coucheiro e Alfonso Medina

TODOS OS PÚBLICOS

TEATRO DE IMPROVISACIÓN

60 MINUTOS

ANTÓN COUCHEIRO

Antón Coucheiro é actor, director, guionista e pallaso. Traballou con compañías galegas coma Chévere, Matarile, Factoría ou Pista Catro (da que foi fundador), así como co Centro Dramático Galego e compañías estranxeiras como Popovici, da República Checa, e Deborah Colker, de Brasil. Coa súa compañía Arrepentimentos de Padrón gañou o Festiclown en 2002. Cos seus unipersonais de rúa e espectáculos de teatro presentouse en Portugal, Mozambique, Brasil, Colombia, Perú, India, República Checa, Polonia, Cuba, Alemaña, Irlanda e EE.UU. Tamén é director de varias curtametraxes (*Katuska*, *Carreiras secretas*, premiada no Festival de Cans de 2007). E traballou como guionista en varias series de televisión. Paralelamente desenvolveu o seu traballo como profesor impartindo cursos de clown e de improvisación. Fundou a compañía The Momento Impro e a casa de microteatro A Regadeira de Adela. Actualmente produce e distribúe os seus espectáculos *Psicópata* (teatro), *SMART* (clown), *Múltiple* (impro) e *Cigáni* (rúa).

CONTRATACIÓN

Antón Coucheiro

680 114 851

antoncoucheiro@gmail.com

antoncoucheiro.wix.com/psicopata

antoncoucheiro.wix.com/smart



SHOWCASES

VOAXA E CARMÍN

BUTACAZERO

LUNS 6 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

Voaxa e Carmín é unha comedia terrorífica protagonizada por Maruxa e Coralía, dous personaxes de ficción que nacen das homónimas Maruxa e Coralía Fandiño Ricart, coñecidas como “As Mariás” de Santiago de Compostela, que saían cada día durante os anos 50 e 60 ás dúas en punto para dar o seu paseo pola cidade vestidas e maquilladas de xeito estrafalario, contrastando co gris da cidade.

Son moitas as persoas que día a día se fotografan coa estatua que as representa no paseo da Alameda, mais.... saben todos eles a crúa historia que hai detrás delas?

Voaxa e Carmín nace para lles dar voz a estas estatuas silenciadas.

10º premio Abrente de Textos Teatrais 2015 MIT Ribadavia

Autoría: Esther F. Carrodegua

Dirección: Xavier Castiñeira

Escenografía: Kukas

Audiovisuais: Roi Fernández (Sr. Pause)

Iluminación: Javier Quintana

Maquillaxe: Trini F. Silva

Vestiarío: Mari Seoane

Elenco: Mabel Rivera e Belén Constenla

ADULTO

TEATRO

80 MINUTOS

BUTACAZERO

ButacaZero é a plataforma creativa de catro artistas con diferentes perfís: Esther F. Carrodegua (escritora, directora, xornalista, actriz), Xavier Castiñeira (director de teatro e docente), Ozkar Galán (dramaturgo) e Belén Xestal (música, presentadora, produtora e xestora cultural). Neste 2016 deciden estabilizar esta plataforma profesional que se presentará ao público na vindeira MIT de Ribadavia con *Voaxa e Carmín* (Premio Abrente para textos teatrais 2015).

Dende ButacaZero dialogamos co mundo creando un teatro asentado na dramaturxia, comprometido cos nosos tempos, baseado na investigación e aberto ás novas tecnoloxías.

Compromiso co aquí, co agora.

CONTRATACIÓN

Julio– eme2

981 534 134 / 609 457 575

distribucion@emedous.com

A VIDA DAS TORMENTAS

COLECTIVO T.O.X.O

LUNS 6 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

E atravesou con forza a porta, levada polo vento da incertidume, aínda que tamén polos ventos da nostalgia, cheos de lembranzas desoutros lugares onde deixara caer toda a súa furia, sempre dun lado para outro, nómades do tempo e as emocións... así é *A vida das tormentas*.

Móvese esta obra entre as emocións, que ás veces poden ser moi intensas e teñen case sempre un carácter episódico e pasaxeiro, como adoitan telo a meirande parte dos feitos que incesantemente están configurando a nosa existencia.

Atoparemos diferentes universos que aparecen e desaparecen segundo as nosas emoción e que se abren a través de portas imaxinarias. Ao abrir cada unha das portas, unha emoción guíaranos a través delas, atravesando a tolemia e enfrontándonos aos retos que estas nos propoñen.

A vida das tormentas será unha obra teatral e performance na que o videoarte, a música experimental en directo e mesmo as artes circenses darán a linguaxe principal.

Dirección: colectivo t.o.x.o

Escenografía: colectivo t.o.x.o

Iluminación: colectivo t.o.x.o

Son: Moncho Varela e Roberto Flesta

Vestuario: Atelier Efímero

Música: Moncho Varela e Roberto Flesta

Visuais: Alba Farto e Paula Fraile

Elenco: Alba Farto, Davinia Rico, Moncho Varela, Paula Fraile e Roberto Flesta

MAIORES DE 13 ANOS

TEATRO CONTEMPORÁNEO

50 MINUTOS

COLECTIVO T.O.X.O

Colectivo t.o.x.o nace en 2015 con Alba Farto (artista plástica e videocreadora) e Davinia Rico (artista multidisciplinar), intentando unir varias disciplinas artísticas como o teatro, o circo, a videocreación e a música en directo.

A súa primeira obra, *Wahnsinn*, estreouse a principios de 2015. A mediados dese mesmo ano inician unha residencia artística e de investigación en NORMAL, espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña, onde se incorporan Paula Fraile (artista plástica e videocreadora), Moncho Varela e Roberto Casteleiro (músicos experimentais) co ánimo de darlle forma ao proxecto *A vida das tormentas*.

CONTRATACIÓN

Davinia Rico

691 073 401

toxox.colectivo@gmail.com

colectivotoxox.es



FALAR SEN CANCELAS

CULTURACTIVA

LUNS 6 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

Hai xente que fala por falar. Outros falan polos cóbados. Algúns falan os sete falares. E non son poucos os que falan do xato e se esquecen do trato. Porque prefiren falar dos biosbardos, das nubes ou do sexo dos anxos antes que ir ao conto. Soltar unhas parrafadas –mesturando o allo co bugallo e sen querer quitarlle lobos ao asunto– é unha arte que, se se manexa ben, dá xenio escoitar. En definitiva, que o falar non ten cancelas, sobre todo nun lugar en que cada palabra conta, ás veces por dous, no que o duplo significado abrolla en cada xiro da lingua e a retranca fai rimar humor con historia cada vez que alguén abre a boca.

Somos un pobo de contos, de lendas, de relatos. Sabemos falar. E cando falamos, falamos ben. Porque temos, igual que acontece coa choiva, mil e unhas maneiras de describir as nosas formas de conversar. E porque contamos con artistas que, como Pedro Brandariz, Isabel Risco e Fran Rei, fan de cada palabra un espectáculo. Coa certeza de que vivimos nun país de historias e co espírito da retranca tatuado na pel, este trío de artistas une os seus talentos para crear o formato de *Falar sen cancelas*, unha auténtica festa do humor.

Autoría: Avelino González, Diego Rey, Fran Rey, Isabel Risco e Pedro Brandariz

Dirección: Diego Rey

Escenografía: Culturactiva

Iluminación: Paula Castro

Son: Paula Castro

Vestuario: Isabel Risco e Elena Ferro

Elenco: Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei

Producción e distribución: Culturactiva

ADULTO

COMEDIA

75 MINUTOS

CULTURACTIVA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora, tanto unindo diversas propostas artísticas en novos formatos e programacións, como creando novas producións e formatos, como achegando un completo programa de actividades ás rúas, prazas e teatros de todo o mundo.

En *Falar Sen Cancelas* Culturactiva produce un espectáculo con tres cómicos excepcionais como son Pedro Brandariz, Fran Rei e Isabel Risco, que farán de cada representación unha aventura diferente e única.

CONTRATACIÓN

Nacho Fungueiriño

981 582 836 / 600 304 613

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

GIVE IT A SPIN

PISANDO OVOS**LUNS 6 | SALÓN TEATRO | 22.00 H**

Give it a spin é a nova proposta de Pisando Ovos para espazos non convencionais e rúa na que música e movemento, dende os seus estados máis puros, se encontran a través do diálogo entre un Dj e unha bailarina.

Unha conversa baseada no “darlle unha volta”, no xiro continuo, na repetición e transformación do movemento e do son. Un encontro onde os corpos se soportan e resisten baixo a forma dun abrazo continuo.

Para a ocasión contamos coa colaboración especial do Dj cangués Jas Processor.

Autoría: Rut Balbís**Dirección:** Rut Balbís**Son:** Jas Processor**Música:** Jas Processor**Elenco:** Rut Balbís e Jas Processor**Producción, distribución, foto, vídeo e web:** Manu Lago**TODOS OS PÚBLICOS****DANZA****20 MINUTOS****PISANDO OVOS**

Compañía de danza contemporánea dende 2004, residente do Teatro Ensalle de Vigo e dirixida por Rut Balbís.

A base do seu proxecto artístico é a búsqueda dunha linguaxe artística propia dende o traballo co corpo e o movemento a través da creación escénica contemporánea, reflectida no seu interese polo tratamento das imaxes e dos tempos lentos.

Son oito as creacións coas que conta a compañía e coas que participa de forma habitual nas redes de teatros autonómicas e nacionais, así como nalgúns dos festivais nacionais ou internacionais máis destacados do panorama actual das artes do movemento.

Recibe o primeiro premio do XXI Certamen Coreográfico de Madrid en 2007 cun extracto da súa peza *No Intre 1800*.

CONTRATACIÓN

Manu Lago

607 186 224

pisandoovos@gmail.com

www.pisandoovos.com

www.facebook.com/pisandoovos

UNHAS GAFAS COMO AS DO AVÓ

(LINGUA ORAL –
LINGUA DE SIGNOS)

A TRASTENDA DOS CONTOS

MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 12.30 H

Laura é unha nena moi inquieta que anda todo o tempo á procura de aventuras que vivir. No xardín da súa casa xoga ao seu xogo favorito: soñar cos ollos abertos. Desta maneira pode explorar inimaxinables mundos afastados construídos dende a súa atolada imaxinación. Un día sente curiosidade polas gafas do seu avó; como se verá a través delas? O que comeza sendo unha pequena trasnada acaba por converterse na maior de todas as aventuras.

Unhas gafas como as do avó é un espectáculo a medio camiño entre o teatro e a narración oral. Nel conxugamos a lingua oral e a lingua de signos, creando un espectáculo integral onde unha lingua non ten sentido sen a outra. Dúas persoas contando, interpretando, vivindo nun espectáculo inclusivo para persoas xordas e oíntes.

Autoría: Felipe Díaz [Caxoto]

Dirección: Felipe Díaz [Caxoto] – Gema Santos Custodio

Escenografía: A Trastenda dos Contos

Iluminación: A Trastenda dos Contos

Son: A Trastenda dos Contos

Vestuario: Josefa Valle Costa

Elenco: Felipe Díaz [Caxoto] e Gema Santos Custodio

PERSOAS XORDAS E OÍNTES. PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 5 ANOS

NARRACIÓN ORAL – TEATRO

50 MINUTOS

A TRASTENDA DOS CONTOS

A Trastenda dos Contos é un proxecto con case cinco anos de vida que aposta por ser un espazo onde a narración oral (os contos) conflúe con outras disciplinas profesionais. Nas nosas propostas conxugamos un enfoque lúdico con artes escénicas, contidos educativos, enfoque social... E para iso a nosa tenda abastécese dunha ampla variedade de profesionais que proveñen de todos eses eidos.

Na actualidade A Trastenda dos Contos conta cun amplo catálogo de espectáculos nos que, a través da oralidade, nos achegamos a ámbitos como a música, a cultura, a historia, a arte, a interculturalidade, o medio ambiente... Unha completa proposta de espectáculos coa que levamos case cinco anos movéndonos por toda Galicia ofertando risas, emocións, grandes sorpresas... e algún que outro sustiño.

CONTRATACIÓN

Felipe Díaz [Caxoto]

653 616 126

caxotocativo@gmail.com

GALICIA ESCENA PRO 2016

SHOWCASES

PAVILLÓN LINO

CARAMUXO TEATRO

MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 12.30 H

Pavillón Lino é a nova proposta escénica de Caramuxo Teatro para toda a familia. Un espectáculo que nace para homenaxear o desaparecido “Pavillón Lino” da Coruña, espazo cultural de estética modernista dedicado a todo tipo de actividades artísticas: teatro, cine, baile, monicreques, cómicos, autómatas...

Unha trepidante comedia de variedades cunha coidada posta en escena na que desfilarán unha morea de pintorescos personaxes.

Autoría: Caramuxo Teatro

Dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola Pontón

Escenografía: Caramuxo Teatro

Máscaras: El tigre de Papel

Monicreque: Gustavo Brito

Fotografía: Corsino

Iluminación: Suso Jalda

Son: Suso Jalda

Vestuario: Carlos Comendador, Soledad Gómez e Caramuxo Teatro

Elenco: Juan Rodríguez, Xosé Vilarelle e Laura Sarasola Pontón

PÚBLICO FAMILIAR, A PARTIR DE 5 ANOS

TEATRO

45 MINUTOS

CARAMUXO TEATRO

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no ano 2003 dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Traballa, ademais, nunha liña específica na creación de espectáculos para bebés. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade co público mais novo.

Dende os inicios mestura diferentes técnicas: teatro de actor, monicreques, danza... A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

CONTRATACIÓN

Laura Sarasola Pontón / Juan Rodríguez Santiago
610 848 781 / 699 521 803
info@caramuxoteatro.net

www.caramuxoteatro.com

SHOWCASES

VOLTA Á MAXIA

DANI GARCÍA

MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 12.30 H

Benvidos ao primeiro show de maxia onde o público é quen decide o guión do espectáculo. Nada está escrito nesta montaxe que se camufla baixo a parodia dun concurso televisivo onde lle daremos unha volta á maxia, unha volta á nosa ruleta. Así, o azar porá en xogo a sorte do mago.

Non haberá preguntas por resolver. Nin segundos que gañar. Os espectadores teñen o control do que sucede sobre o escenario. O mago acompañaos nestas reviravoltas que van conducindo a maxia a un abraiante efecto final, unha derradeira sorpresa que, a medio camiño entre a realidade e a ilusión, non deixará indiferente a ninguén. Esta é unha obra de maxia infantil, só apta para nenos e nenas, aínda que xa peiteen canas.

Autoría: Dani García e Fran Rei

Dirección: Fran Rei

Escenografía: Daniel García Cabeza

Iluminación: Daniel García Cabeza

Son: Daniel García e Fran Campos

Elenco: Dani García

INFANTIL, DE 4 A 10 ANOS

MAXIA

60 MINUTOS

DANI GARCÍA

Dani García volve a estar entre nós logo dunha exitosa aventura americana con galardóns como: 1º premio Michigan Magic Day, 2º premio Close Up Contest IBM Ring de St Louis, 2º premio TAOM Texas e 3º premio en Houston.

A compañía de Dani García nace no ano 2004 e axiña se fai un oco no panorama máxico galego. Ao longo da súa breve historia crea distintos pero variados espectáculos de pequeno formato como *Maxiaterapia* e *Acción* e outros de gran formato como *Da'Kara* ou *Symbiosis*.

Dani García fórmase nas máis variadas ramas da interpretación e da escena para conseguir que as súas producións sexan obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai do ilusionismo algo cotián.

Nos últimos tempos o seu traballo camiña cara a un lado físico e corporal, como no citado espectáculo *Da'Kara* ou no seu penúltimo traballo, *Don Gelati*. Ademais de ir gañando un bo número de premios nas súas estadias en USA, acaba de estrear o seu novo espectáculo, *Volta á maxia*.

CONTRATACIÓN

Nacho Fungueiriño

981 582 836 / 600 304 613

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

GALICIA ESCENA PRO 2016

SHOWCASES

INVENCIÓN

ODAIKO KREA

MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 12.30 H

Concibido para escolares e familiares, *Invención* percorre distintos momentos históricos para repasar as grandes invencións da humanidade. Grazas á inocencia dos actores, vanse descubrindo elementos físicos e sonoros pertencentes ao mobiliario escénico, converténdoo en innovadores instrumentos musicais que nacen froito da casualidade e da experimentación. Faise fincapé nunha clave que para Odaiko está en crise: o descubrimento polo método máis antigo e efectivo, a curiosidade e a aprendizaxe tanxible para que florezca a creatividade.

Autoría: Odaiko

Dirección: Juan Collazo

Escenografía: Juan Collazo

Iluminación: Pepe Varela

Son: Adrián Saavedra

Vestuario: Odaiko

Música: Odaiko

Elenco: Juan Collazo, Antonio Ocampo, Félix Rodríguez e Fran Troncoso

INFANTIL E PÚBLICO FAMILIAR

MUSICAL

60 MINUTOS

ODAIKO KREA

Odaiko é unha compañía que emprega a percusión como elemento de expresión. Nos máis de 10 anos de traxectoria foron 12 os espectáculos creados e representados e máis de 300 concertos ofrecidos por todo o mundo. Na actualidade, é a única compañía profesional deste estilo de España.

Forma parte, xa dende hai catro anos, das programacións escolares da Fundación Abanca e da Orquesta Sinfónica de Bilbao, coas que chega a máis de 15.000 alumnos por ano os seus espectáculos.

CONTRATACIÓN

Odaiko

606 002 108

odaikoinfo@gmail.com

www.odaiko.es

OS SOÑOS NA GAIOLA

TÍTERES ALAKRÁN**MARTES 7 | SALÓN TEATRO | 12.30 H**

O titiriteiro chega á vila cunha gaiola cargada de soños. Acompañao o poeta Manuel María transformado en monicreque. Manuel María quere que o titiriteiro represente os poemas que el escribiu para divertir aos nenos e nenas galegos. Para facelo, o titiriteiro pídelles aos integrantes do público que sopren forte para lle axudaren a facer nacer a Alicia, a nena protagonista desta historia. Alicia vivirá unha serie de fantásticas aventuras na súa viaxe por un mundo que lle resulta exótico, estraño, e mesmo incomprendible. No seu camiño atoparase con toda unha galería de personaxes marabillosos e sorprendentes que lle irán dando pistas sobre Galicia. A través de adiviñas misteriosas e versos poéticos, Alicia vai ter que descubrir qué é Galicia e onde está agochada...

Autoría: Manuel María**Dirección:** Roi Vidal**Adaptación:** Roi Vidal**Escenografía:** Borja Insua Lema**Manipulación:** Borja Insua Lema**Vestuario:** Antía Insua Lema**Elenco:** Borja Insua Lema**INFANTIL****TEATRO DE MONICREQUES****50 MINUTOS****TÍTERES ALAKRÁN**

Títeres Alakrán nace no ano 2003 a cargo do titiriteiro, actor e escultor Borja Insua. Construtor e manipulador de monicreques, Borja Insua desenvolve en Títeres Alakrán espectáculos propios que abranguen distintas técnicas (luva, barilla, sombras chinesas, fíos) e xéneros, tanto para nenos coma para adultos.

Destacan como principais espectáculos da compañía: *Os soños na gaiola*; *Barrigaverde ataca de novo*; *Pequeño Kabaret de tolos*, musical de marionetas de fío con máis de 200 actuacións en toda Galicia; *Mr. Pancho e a última función*; *El retablillo de don Cristóbal*, con marionetas de luva, en castelán; *Os títeres da vía láctea*, espectáculo ambulante cun carro de monicreques conducido por unha egua; *O ferreiro e o diaño* e *Amor e crimes de Juan Pantera*.

CONTRATACIÓN

Borja Insua Lema

616 450 490

borxainsua@gmail.com

www.titeresalakran.com

ESPECTÁCULOS EN FORMATO *PITCHING*

XOVES 9 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.30 H

O ROBOT E A DOUTORA PI: TRIBULACIÓNS NA PROCURA DUN SOÑO

CINEMA STICADO

Baseada nun suposto futuro, esta é a historia dun robot que anda á procura dos soños dos humanos e dunha doutora que procura o seu soño entre robots.

É que ninguén soña xa neste planeta?

CONTACTO

Xosel Díez
609 649 878
xoseldiez@yahoo.es
www.cinemasticado.com

SALVADOR

COMPAÑÍA BORJA FERNÁNDEZ

Salvador é un espectáculo sobre os movementos migratorios dos galegos a América do Sur nos anos 50–60.

O proxecto está a metade de camiño entre o teatro—documento e a ficción escénica, e ten como punto de partida a emigración e desaparición de Benito Fernández (avó de Borja Fernández).

CONTACTO

Borja Fernández
655 333 005
borjasalcedo@gmail.com
www.borjafernandez.es

O TOLLEITO DE INISHMAN

CONTRAPRODUCCIÓN

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosos, pintorescos, característicos... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente isolado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito cerrado que está obrigado a habitar; un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.

Un espectáculo de gran formato (8 actores de prestixio, potente escenografía, música emocionante composta para o espectáculo, iluminación atractiva) no que o público se sentirá atrapado polo humor e a tenrura dun teatro tan entrañable, tan noso, coma o irlandés.

CONTACTO

Belén Pichel
605 263 755 / 610 106 808
belenpichel@gmail.com

GET BACK

EME2 EMOCION&ARTE

Son cinco e van nun vagón de metro. Son cinco e teñen moitas cousas en común. Pero eles non o saben. Aínda. Saben que van no mesmo vagón de metro. Saben de onde veñen, pero ningún está moi seguro de cara a onde vai. Son xente normal e están en Londres.

O proceso de construción desta comedia comeza cunha investigación sobre os “londoners” (nome que se dan a si mesmos os galegos que viven na capital británica). A achega a esta realidade permitiunos ir construíndo, mediante un modo de traballo cooperativo, un proxecto sólido que reflicte, en certo modo, a realidade fraccionada da Galicia contemporánea. Interviron e intervirán no proceso xa en marcha: Camilo Franco (traballo de investigación), Diego Ameixeiras (texto), Jorge Coira (director), Víctor Duplá (axudante de dirección), Anxo Graña (música) e Antonio Durán “Morris”, Federico Pérez, Tamara Canosa, Miguel Guido e Mercedes Castro (elenco).

CONTACTO

Julio-eme2
609 457 575
distribucion@emedous.com
www.emedous.com

VAIA HEROE DE MERDA

GRUPO CHÉVERE

Vaia heroe de merda é un traballo de teatro documento sobre o movemento de insubmisión dos anos 80 e 90 do século XX en España, sobre as persoas que formaron parte do mesmo e sobre as relacións establecidas co aparato do Estado, coa sociedade no seu conxunto e entre os propios suxeitos protagonistas do movemento, feito a partir da memoria e da experiencia persoal de César Goldi, actor que foi xulgado, condenado e privado da súa liberdade no cárcere da Coruña por negarse a realizar tanto o servizo militar como a prestación social substitutoria. Trátase por tanto de conectar a memoria individual coa memoria colectiva dunha xeración e co imaxinario dunha época a través dun dispositivo especificamente teatral.

Este é o primeiro proxecto sementado na Berberecheira, un laboratorio de creación escénica promovido polo grupo Chévere para a xestión colectiva de proxectos de creación que desbordan o núcleo estable da compañía, dando soporte e incorporando as voces e as poéticas doutras persoas colaboradoras ao discurso do grupo.

CONTACTO

Patricia de Lorenzo
981 594 996
info@grupochevere.eu
www.redenasa.tv

O BAÚL DO MAGO

MAGO RAFA

O baúl do mago é unha iniciativa cultural innovadora nas artes escénicas, única en Galicia, que converte unha antiga caravana nun dos espazos escénicos máis pequenos e acolledores do mundo, intentando así achegar a maxia á sociedade dun xeito máis cercano e divertido.

O baúl do mago desprázase a calquera punto: á porta das escolas, ás localidades que non dispoñen dun teatro propio, ás localidades que, dispoñendo de teatro propio, queren amosar outro concepto de espectáculo nunhas condicións idóneas para a representación, a unha residencia de maiores ou mesmo á porta da casa dunha familia.

CONTACTO

Mago Rafa
639 615 595
magorafa@magorafa.com
www.elbauldelmago.com

O ENCORO ENMEIGADO (NAS FRAGAS DO EUME)

OS MONICREQUES DE KUKAS

Nun tempo no que a identidade e a cultura propia dos pobos están en regresión, consideramos fundamental recuperar elementos da nosa propia cultura popular, como pode ser todo o imaxinario de seres míticos da natureza para actualizar e confrontar con elementos que consideramos fundamentais para a educación e aprendizaxe en valores como son a ecoloxía, o crecemento sostible e o respecto polo medio ambiente.

Neste contexto presentamos un proxecto de montaxe escénica no que se poñen en valor elementos da nosa tradición mítica xunto a problemas que o mundo moderno ten que afrontar, como son as novas canles de comunicación ou a utilización dos recursos naturais para producir enerxía, e como se pode chegar a un equilibrio co ecosistema sen deixar de lado o progreso.

E todo isto nunha montaxe que mestura pasado e presente, maxia e realidade, respecto polo medio ambiente e progreso sostible nunha posta en escena divertida, poética e plasticamente moi atractiva para o espectador.

CONTACTO

Isabel Rey
981 562 734 / 609 884 630
monicreques@hotmail.com
www.kukas.redbiocultural.net

DESCONEXIÓN

SOLILOQUIO PRODUCCIÓN TEATRAIS

Todos vivimos en mundos paralelos: somos monifates movidos por conexións que non sentimos; somos presos en reixas que non vemos; soñamos con ser humanos... O individuo 724/2013 FK3 é quen de desconectarse para experimentar outras vidas, en liberdade, para intentar ir máis alá...

Xurxo Cortázar (actor) e Santiago Cortegoso (director), cocreadores do texto, traballan por primeira vez xuntos nun espectáculo unipersoal, no que constrúen un personaxe poliédrico que emprende unha viaxe liberadora que o leva, a través de situacións (traxi)cómicas, a afrontar os desafíos existenciais inherentes ao ser humano, no contexto da sociedade opresiva na que vivimos.

CONTACTO

Xurxo Cortázar
630 505 972
xurxo.cortazar@gmail.com

TITA (UN ESPECTÁCULO TEATRAL SOBRE A INTELIXENCIA EMOCIONAL)

TEATRO BABALUVA

Tita é un espectáculo teatral sobre a intelixencia emocional, onde invitamos ao público miúdo e ás súas familias a viaxar por un mar de emocións na vida da nosa querida Tita.

Dende un espectáculo con monicreques, teas, bottellas plásticas, obxectos varios..., e da man das titiriteiras Mirari e Larraitz Urruzola, coñeceremos as causas do desacougo do personaxe de Tita e axudarémola para que saiba cómo actuar cando ten medo, ganas de chorar, ou está enfadada, conseguir sobrepoñerse e recuperar o amor.

CONTACTO

Emi Candal – Urdime
981 937 424 / 619 920 335
info@urdime.net

RUBICUNDO

TEATRO GHAZAFELHOS

Todas as noites, Rubicundo sae na súa bicicleta enriba da árbore do seu xardín rumbo á noite pecha. Semella que ninguén repara neste personaxe, enfundado nun gabán e sombreiro de copa. Ninguén agás Erea. Disposta a chegar até o final daquel misterio... pois así era esta rapaza, curiosa e soñadora.

Rubicundo é un relato de María Canosa, finalista no premio da XXIX edición do Merlín de literatura infantil 2014.

CONTACTO

Emi Candal – Urdime
981 937 424 / 619 920 335
info@urdime.net

SEMINARIOS E PRESENTACIÓNS

SEMINARIO:

“COMO UTILIZAR O E-MAIL MARKETING PARA OPTIMIZAR A ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN”

LUNS 6 | BIBLIOTECA DO CONSELLO DA CULTURA
GALEGA | DE 10 A 13 H

Imparte: Pepe Zapata, socio e consultor de TekneCultura.
Organiza: COFAE, Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español

O *e-mail marketing* é un dos medios máis accesibles, económicos e efectivos para comunicarnos cos nosos públicos e comunidades.

Unha correcta utilización do *e-mail marketing*, estratexia de contidos e correcta elaboración dos correos electrónicos axudaranos a incrementar a nosa apertura e integración no mercado.

Destinado a compañías de artes escénicas, distribuidoras de teatro, xestores culturais e responsables de *marketing*, o seminario da a coñecer criterios e ferramentas para a correcta utilización de novas estratexias de comunicación.

PRESENTACIÓN DE MERCARTES

LUNS 6 | BIBLIOTECA DO SALÓN TEATRO | 16.30 H

Presentación do Mercado das Artes Escénicas—MERCARTES, que se desenvolverá en Valladolid do 9 ao 11 de novembro, cita indispensable para creadores, produtores, xestores de espazos escénicos, así como profesionais de empresas de equipamentos e servizos técnicos.

cofae

coordinadora de ferias
de artes escénicas
del estado español



GOBIERNO
DE GALICIA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INICIATIVA NACIONAL DE ARTES ESCÉNICAS

ENCONTRO DE XESTORES CULTURAIS

A CARGO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE
PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL

MÉRCORES 8 | BIBLIOTECA DO SALÓN TEATRO |
16.30 H

Presentación das liñas de traballo da asociación
orientadas aos traballadores da xestión cultural.

PRESENTACIÓN DE ESCENA GALEGA

XOVES 9 | FUNDACIÓN SGAE | 12.15 H

Escena Galega presenta o novo catálogo e vídeo
promocional das compañías asociadas como un
xeito de amosar a diversidade de estratexias e poé-
ticas que enriquecen a escena galega actual e para
favorecer a circulación da información e facilitar
o traballo dos axentes implicados na difusión das
artes escénicas.

CONCERTO

CONCERTO DE XABIER DÍAZ TRÍO

MARTES 7 | CASA DAS CRECHAS | 00.00 H



GALICIA ESCENA PRO

ORGANIZA:

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

galicia



XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN:



CONCELLO DE
SANTIAGO

fundación sae



//ABANCA

www.agadic.gal

www.galiciaescenapro.gal